

UGT ABORDA EN SANTIAGO OS NOVOS RETOS PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA E PON EN VALOR A CONCERTACIÓN E O DIÁLOGO SOCIAL QUE SE MOSTRARON VITAIS NAS CRISES DESTES ÚLTIMOS ANOS

Redacción.- UGT FICA Galicia organizou en Santiago este mércores e xoves as xornadas “Novos retos para a negociación colectiva” nas que se puxeron en valor a concertación e o diálogo social, que se mostraron vitais para garantir un paraguas de protección para os traballadores e traballadoras e as familias nas crises da Covid e da guerra en Ucraína. Tamén se apelou á negociación colectiva como ferramenta básica de redistribución da riqueza, polo que urxe a ratificación dun novo AENC que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras deste país, o contrario, vai supoñer elevar os niveis de conflictividade laboral.

As xornadas contaron cun amplo programa. Abordáronse os “Desafíos da acción sindical e novos retos: cara as 32 horas”; “Algoritmos e novas formas de traballo”; “Política industrial”; “Saúde laboral e medio ambiente”; “Logros do diálogo social (reforma laboral e de pensións, AENC, SMI e ERTE’s COVID)”; e a “Transición xusta e cambio climático”.

No acto de apertura, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, fixo fincapé en que o diálogo social é un dos sinais de identidade do noso Sindicato e a nivel estatal estamos a conseguir con esta forte ferramenta a transformación do noso país. Coa reforma laboral, a taxa de temporalidade pasou do 26 ao 15%. O Acordo de pensións permite unha subida da contía das mesmas nun 8,5%. O SMI pasou de

655 euros a 1.080 en seis anos. Os ERTE’s permitiron conservar unha alta porcentaxe do emprego nos momentos máis difíciles que atravesamos nestes últimos tres anos... Engadiu que “todo isto, fixémoslo nun contexto difícil. Nunha conxuntura marcada por unha pandemia e agora por unha guerra ás portas de Europa que está a condicionar moi seriamente todas as economías a nivel mundial pero, sobre todo, as europeas. Aínda así, a pesar deste contexto, as medidas froito deste diálogo social permitiron que o emprego no noso país siga medrando e, incluso, recupere os niveis pre-pandemia, e que o PIB tamén creza.

Non obstante, segue a haber moitos retos enriba da mesa e un dos elementos que máis nos preocupa son as elevadas taxas de inflación que se rexistran e que están a condicionar e lastrar a evolución da economía en xeral e, sobre todo, as economías familiares, dificultando a situación de moitos fogares. Esta inflación está a provocar que os salarios perdan poder adquisitivo, perdas que se cifran nun 5,2% no ano pasado.

Neste contexto as políticas de subidas de tipos impostas polos bancos centrais tampouco están a axudar. Todo o contrario, están a provocar o encarecemento das hipotecas e dificultando o acceso ao crédito.

Ante isto, a receita é máis e máis negociación colectiva e traballar polo seu fortalecemento debe ser un obxectivo primordial do noso Sin-

dicato.

Sabemos que dous son os elementos que contribúen a repartir a riqueza no noso país. Por unha banda, a política fiscal, que redistribúe e financia os nosos servizos públicos. E, por outro lado, a negociación colectiva, que é o que nos corresponde a nós. E é aquí onde insistimos na necesidade de pechar un AENC que garanta o mantemento do poder adquisitivo dos salarios e evite a conflictividade laboral. Sobre todo, nun contexto marcado polo crecemento brutal dos beneficios empresariais.

Na folla de ruta do Sindicato hai marcadas tamén outras prioridades, dentro do contexto do diálogo social e a negociación colectiva. Hai que traballar por avanzar cara as 32 horas; negociar con todo o que ten que ver coa transformación industrial no noso país, cos fondos europeos no escenario de fondo como un dos instrumentos máis importante. Tamén hai que prestar atención a todo o que ten que ver co cuarto pilar do estado de benestar, que necesita dun xiro para abordar un acordo que consiga a mellora das condicións laborais dos traballadores dos sectores que abrangue e a mellora da calidade dos servizos ás persoas usuarias. A sinistralidade laboral segue a ser unha das grandes lacras do noso mercado de traballo e tamén urxe abordar de xeito integral este problema que sesga a saúde dos traballadores e traballadoras e ás veces, incluso, acabando coa súa propia vida. E outro dos grandes obxectivos é seguir traballando por reforzar as políticas de igualdade.



Tamén temos entre as nosas prioridades traballar por conseguir unhas indemnizacións por despido xustas, reparadoras e disuasorias, neste senso vai a demanda que interpuxemos ante o Comité de dereitos Sociais da Unión Europea do Consello de Europa para que se cumpra o artigo 24 da Carta Social Europea e o convenio 158 da OIT no senso de que a indemnización por despido debe ser suficientemente reparadora e proporcional ao dano causado ao traballador, algo que non sucede por exemplo cas persoas con menos antigüidade nos seus postos.

É evidente que temos que saudar os logros conseguidos pero hai que seguir traballando, aínda queda moito por facer, pero sempre baixo o paraguas da concertación, o diálogo e o acordo para avanzar cara unha sociedade mellor e máis xusta para todos e todas. Este é o noso xeito de traballar, baixo a responsabilidade e o obxectivo de avanzar, fronte ás políticas do non polo non doutros sindicatos ou formacións políticas. Fronte a isto, UGT foi capaz de tra-

ballar polo acordo e a mellora das condicións de vida dos traballadores e traballadoras.

O contrario, o non polo non, é estéril, e algúns subíronse a este carro interesados en non sei que estratexias que nada contribúen á mellora desta sociedade. Pola contra, o noso xeito de facer si está a ser produtivo para todos e todas, e o tempo e os datos estannos a dar a razón.

Só o incremento do SMI está a permitir reducir en catro puntos a brecha de xénero no noso país. A reforma laboral reduciu en nove puntos a temporalidade en Galicia. E as reformas de pensións permitiron que estas crezan nun 8,5% fronte ao 0,25%. As primeiras reformas que se fan sen recortar dereitos para os e as pensionistas nin prestacións, todo o contrario, son acordos que melloran a situación dos nosos e as nosas pensionistas, concluíu o secretario xeral de UGT-Galicia.

Ao longo dos dous días das xornadas

interviñeron tamén o secretario xeral de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro; o secretario de Acción sindical de UGT FICA, José Antonio Pasadas; a portavoz de Emprego do PSdeG no Parlamento galego, Carmen Rodríguez; o responsable de dixitalización de UGT, José Varela; a profesora de Dereito do Traballo e Seguridade Social da USC, Bárbara Torres; o secretario de Política industrial de UGT FICA, Juan Antonio Vázquez; a directora xeral de Relacións Laborais da Xunta, Elena Mancha; a secretaria de Saúde Laboral de UGT FICA, Pilar Ituero; o director territorial da Inspección de Traballo de Galicia, Demetrio Fernández; a directora de Traballo do Ministerio, Verónica Martínez; a secretaria confederal de UGT, Patricia Ruíz; o coordinador dos Servizos Xurídicos de UGT-Galicia, Pedro Blanco; Marcos Prieto, colaborador de UGT FICA Galicia; o director do Departamento de Enerxía do INEGA, Juan Rodríguez; e a clausura correu a cargo da directora xeral de Industria da Xunta, Paula Uría; e o secretario xeral de UGT FICA, Mariano Hoya.

UGT RETOMA O SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO SOCIOLABORAL PARA INMIGRANTES NO SEU CENTRO DE OURENSE

Consolidouse como un centro de referencia tanto en materia de preparación dos procesos de nacionalidade como en información e consultas das empregadas do fogar

Redacción.- UGT-Galicia vén de retomar o servizo do Centro de Información e Asesoramento Sociolaboral para Inmigrantes (CIASI) en Ourense cuxas accións teñen como principal destinatario o colectivo de inmigrantes regulares de orixe non comunitario e que presenten un alto grado de vulnerabilidade, así como inmigrantes que estean nunha situación de desemprego ou que desempeñen tarefas laborais en condicións precarias. Ademais, os traballos de información e asesoramento tamén van dirixidos a inmigrantes que desexen mellorar o seu nivel de empregabilidade.

O obxectivo final é acadar para os usuarios do centro itinerarios de inserción laboral individualizados e, para elo, realízanse tarefas de orientación sociolaboral; aténdense consultas en materia de estranxeiría; dáse axuda para a homologación de titulacións; dáse información sobre os trámites a seguir para acceder á nacionalidade española; tamén se achegan actividades de alfabetización dixital, así como, cursos dirixidos a lograr capacitacións profesionais que lles permitan aumentar as súas opcións de empregabilidade, así como outras consultas que os usuarios desexen realizar.

Ó respecto, dende o Centro explícase que dende o ano 2013, no que se implantou en Ourense, o número de itinerarios

abertos supera os 1.000, todos eles cun alto nivel de inserción laboral. E, ademais, este centro converteuse nun punto de referencia tanto na cidade de Ourense como na comarca tanto en cursos de preparación para a obtención da nacionalidade como en todo o relativo ás consultas e información que requiren as empregadas do fogar.

Tamén se matiza dende o Centro que as persoas que se achegan ben para requerir información, para solicitar formación ou para emprender itinerarios son, maioritariamente, de nacionalidade venezolana, de Senegal, Colombia ou República Dominicana.

Neste contexto, dende o Centro tamén se informa que se continúa impartindo o curso de preparación para o exame de coñecementos constitucionais e socioculturais de España, requisito necesario para a obtención da nacionalidade española. Tamén impártense talleres formativos relacionados coa realización de xestións administrativas telemáticas.

O Centro está emprazado na sede de UGT-Ourense-Valdeorras-Verín, en Parque de San Lázaro, número 12, planta baixa (Ourense) e o seu horario de atención ao público, sempre con cita previa, é de luns a venres, de 8 a 10.00 horas, e de luns a xo-

SECRETARÍA DE ESTADO DE MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL
DIRECCIÓN GENERAL DE ATENCIÓN HUMANITARIA E INCLUSIÓN SOCIAL DE LA INMIGRACIÓN

UGT

Proyecto de la Unión General de Trabajadores y Trabajadoras de España, subvencionado por la Dirección General de Atención Humanitaria e Inclusión Social de la Inmigración (MISMI) y cofinanciado por el Fondo Social Europeo - (FSE)

Centro de Información Sociolaboral para Inmigrantes UGT - Ourense

AÑO 2023

Horario de atención:
(cita previa)
Mañana- 8.00 a 10.00
Tarde- 17.00 a 19.00

Telf. 988. 22.61.35
WhatsApp: 635192410
Dirección: Parque San Lázaro, 12 - Bajo
E-mail: inmigracion.ourense@galicia.ugt.org

ves, de 17 a 19.00 horas.

O CIASI está cofinanciado polo Fondo Social Europeo e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e ven funcionando en Galicia dende o ano 1992, o seu primeiro emprazamento foi na sede de UGT en Vigo e no 2013 foi trasladado a Ourense, e dende 2002 ten a categoría de centro de inserción laboral, permitiéndolle esta nova denominación impartir cursos de formación para os inmigrantes.

HOXE, FOLGA NO SECTOR DO TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DE TODA GALICIA EN DEMANDA DE SALARIOS E CONDICIÓNS LABORAIS DIGNAS

Redacción.- Hoxe o sector do transporte de viaxeiros por estrada de toda Galicia está en folga. Os 5.000 traballadores e traballadoras do sector reclaman condicións laborais e salariais dignas.

Se ben é certo que o sector está amparado por convenios colectivos provinciais, as demandas e os problemas son comúns nas catro provincias. En Pontevedra e Coruña, cos convenios caducados, as ofertas das respectivas patronais non superan o ridículo 0,8% de incremento. E en Lugo, cun convenio no que non se actualizan as táboas dende 2017, e Ourense nin sequera se sentan a negociar.

Salarios que rozan os mínimos, pre-

cariedade nos horarios, falta de medidas que garantan unha conciliación real... e todo isto acompañado de licitacións á baixa que as administracións consinten, entre elas a Xunta que actúa mirando cara outro lado.

Ademais da folga, están previstas concentracións ás 11.00 horas de hoxe nas estacións de autobuses de Coruña, Santiago, Ferrol, Vigo, Lugo e Ourense. En Pontevedra será ás 18.00 horas.

Nas roldas de prensa convocadas para presentar esta folga en varias cidades galegas denunciouse a actitude da Xunta á hora de impoñer uns servizos mínimos abusivos.



OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO COMERCIO DA CORUÑA MANIFESTÁRONSE ESTE DOMINGO NA CIDADE HERCULINA POR UN CONVENIO DIGNO



Redacción.- Os traballadores e traballadoras do sector do comercio vario da provincia da Coruña saíron ás rúas da cidade herculina este domingo para reclamar un convenio digno para o sector.

Despois de moitas reunións coa patronal do sector, esta mantén unha postura inamovible, propoñen uns incrementos salariais que non garantirán en ningún caso a recuperación do poder adquisitivo para uns salarios que xa son moi baixos e que están a quedar aínda máis mer-

mados coa forte subida dos prezos. Para o 2020, propoñen un 0%; un 4% para o 2021; un 3,5% para o 2022; un 2,5% para o 2023; e un 2% para o 2024.

Durante os anos 2021 e 2022 a inflación sumou 12,2 puntos, dos que só ofrecen recuperar 7,5. Para o resto dos anos, as subidas son moi pequenas e cunha cláusula de revisión salarial que non garantiría o incremento do IPC.

Despois de moitas xuntanzas, o

único avance que se conseguiu foron 6 sábados libres e algunha pequena mellora nas categorías.

O resto da plataforma está a recibir un non por resposta. Néganse a reducir a xornada anual, néganse a establecer pluses polos sábados ou tardes, ningunha mellora para premiar a antigüidade, non asumen a limitación para as contratacións inferiores a 24 horas que xa existe noutras provincias e non admiten máis días de asuntos propios ou outras licenzas.

OS EX EMPREGADOS DE ALU IBÉRICA RECLAMAN NA CORUÑA SOLUCIÓNS

Redacción.- Este mércores os ex traballadores da factoría de Alu Ibérica na Coruña manifestáronse fronte á Delegación do Goberno en demanda de solucións á situación que están a vivir.

Un ano despois de ser despedidos aínda non cobraron nada das súas indemnizacións e en seis ou sete meses agotarán as prestacións por desemprego. Son coñecedores pola prensa de conversas entre Resonac e Ignis coa administración concursal para facerse coas instalacións de A Grela pero a eles ninguén lles explica nada.

Hai un ano constituíuse un grupo de traballo entre o Ministerio, Xunta e representación dos traballadores para buscar solucións e inversores e a día de hoxe non se sabe nada dese grupo.

O membro do antigo comité, Juan Ra-



món Paseiro, de UGT, considera que o proxecto industrial presentado esta semana por Resonac e Ignis ante o administrador concursal é “un bluf” e supón “aproveitar a acción de rapiña”. Engadiu que “preocúpanos que a oferta non se comente cos despedidos. Fainos sospeitar que aproveitan a situación concursal para facerse co

proxecto a moi baixo coste e deixarnos outra vez fóra dun proxecto industrial se se leva a cabo”. Matizou que “sería preocupante que agora a UE aprobe axudas para os despedidos de Alu Ibérica, mañá aprobe unha axuda económica para Resonac, quedando fóra os traballadores. Isto sería moi preocupante”.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE JEVASO RETOMAN AS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- Tras as mobilizacións dos pasados meses de novembro e decembro, os traballadores e traballadoras de Jevaso decidiron abrir un novo calendario que se inicia hoxe con paros en todas as quendas.

As mobilizacións anteriores paralizáronse tras o compromiso por parte da empresa de negociar as demandas dos traballadores nunha mesa aberta a nivel estatal.

Non obstante, tras tres reunións, a dirección da empresa non acepta ningunha das propostas da parte social nin fai tampouco contraofertas. Non quere falar de salarios, non quere falar de xornadas nin de descansos.

Todos os centros de Jevaso en toda España realizarán os paros simultaneamente, excepto o de Zaragoza que os fará o día 5. En Jevaso Arteixo os paros

serán na quenda de noite, o día 30, de 22 a 23 horas. Na de mañá, o día 31, de 6 a 7 horas. E na de tarde, tamén o 31, de 14 a 15 horas.

Os traballadores din basta xa a xornadas abusivas, a carencias nos descansos, ao trato vexatorio, a carecer de dereitos en materia de saúde laboral, a salarios precarios e ao abuso das ETT.

UGT INSTA A SEGUIR EQUIPARANDO OS DEREITOS DAS TRABALLADORAS DO FOGAR COS DO RESTO DE TRABALLADORES

Redacción.- Con motivo do Día internacional das traballadoras do fogar, que se celebra o 30 de marzo, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores elaborou o informe ‘Traballar coidando: comparativa por Comunidades Autónomas’.

No mesmo analízase o emprego como traballadoras do fogar e os coidados profesionalizados, nas distintas Comunidades e Cidades Autónomas. Relaciónanse ambos os traballos co nivel de renda e o volume de poboación maior de 65 anos e menor de 15, e préstase especial atención ao peso que teñen as mulleres de nacionalidade estranxeira ou mulleres españolas nadas no estranxeiro, neste sector de actividade.

Algúns conclusións do informe son o

peso da maior idade, 65 ou máis anos, é máis determinante a efectos de dispoñer de coidados profesionalizados, que o intervalo de 0 a 15 anos.

A insuficiencia de coidados profesionais determina maiores porcentaxes de afiliación ao Sistema Especial de Empregadas do Fogar

A renda, obviamente, determina a posibilidade de contratar persoal doméstico. Aquelas Comunidades coas menores rendas, presentan menos porcentaxes de afiliación ao SEEH.

No traballo, no marco do servizo do fogar familiar e a afiliación ao Sistema Especial de Empregados de Fogar, seguen estando sobrerrepresentadas as mulleres migrantes, xa sexa porque teñen nacionalidade estranxeira,

xa porque tendo nacionalidade española naceron no estranxeiro.

UGT reivindica que se cumpra co establecido na Disposición 18ª da Lei de Prevención de Riscos Laborais e regúlense medidas que aseguren a saúde e seguridade destas traballadoras, no marco do diálogo cos interlocutores sociais.

Que se abra a mesa de Diálogo Social para abordar as materias pendentes, pois estas traballadoras aínda están lonxe dos dereitos dunha relación laboral común. Nesta mesa deben abordarse, tamén, o papel das Axencias de Colocación e Plataformas dixitais e a prestación de servizos profesionalizados baixo a relación laboral especial que, a xuízo de UGT, constitúe unha práctica non conforme a dereito.

AS FAMILIAS CONTINUÁN PERDENDO PODER DE COMPRA

Redacción.- O IPC adiantado para o mes de marzo, publicado esta semana polo INE, sitúa a inflación anual nun 3,3%, 2,7 puntos menos que en febreiro, como consecuencia do desconto que se produce na actualidade do intenso encarecemento da enerxía (electricidade, gas e carburantes) causado pola invasión rusa de Ucraína hai un ano. Así, o chamado efecto base provocará unha relaxación das taxas interanuais durante os próximos meses. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente máis estrutural, diminúe unha décima respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 7,5%. Estes valores, que seguen sendo elevados, reflicten o mantemento das presións inflacionistas en boa parte da cesta da compra, de forma que as familias traballadoras seguen vendo fortemente minguado a súa poder de compra.

Ademais, o panorama económico internacional segue sendo extremadamente incerto e volátil, pois á persistencia da guerra en Ucraína súmanselle as tensións financeiras rexistradas nos últimos días. A res-

posta do BCE, que elevou recentemente os tipos de interese en 50 puntos básicos –alcanzando o valor máis alto desde outubro de 2008, o 3,5%–, lonxe de inxectar sinais de confianza no sistema financeiro europeo, agrava a incerteza e a probabilidade dunha recesión económica en Europa.

Para a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores, este contexto mostra a necesidade de recuperar e protexer a capacidade de compra dos fogares españois, co obxectivo de soste e fortalecer a actividade económica e creación de emprego no noso país e deter o continuo empobrecemento da clase traballadora. Por todo iso, o sindicato non entende a irresponsable postura de CEOE, que na última reunión celebrada da mesa de diálogo para o novo Acordo do Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) non achegou ningunha proposta. Por mor do bloqueo mantido pola patronal, as empresas seguen aproveitándose do escenario inflacionista actual para ele-



var a rendibilidade e as marxes en detrimento do interese xeral de todos e todas.

Por iso, UGT reclama a necesidade de alcanzar canto antes un novo AENC en 2023, que ofrezca estabilidade e certeza nos próximos anos e permita revertir o proceso de desvalorización salarial que están a sufrir o conxunto dos traballadores e traballadoras. A conflitividade laboral seguirá sendo elevada no noso país ata que non se alcance un acordo xusto que reparta os custos da crise inflacionista.

A PRÓRROGA DO MECANISMO IBÉRICO NON É SUFICIENTE

Redacción.- UGT considera que existe unha marxe maior de actuación. É necesario adoptar outras medidas que protexan aos consumidores e sectores máis vulnerables, que palíen a pobreza enerxética e garantan a competitividade da industria, e especialmente das pemes e autónomos

A aplicación do mecanismo ibérico, xunto a outras medidas como a redución da fiscalidade, das peaxes e cargos, as modificacións do bono social (incremento nas porcentaxes de desconto, e dos límites de enerxía con dereito ao mesmo) tiveron bos resultados. Contribuíron de forma eficaz á moderación da inflación, evitando os incrementos do prezo da electricidade que, doutro xeito, producíronse, e o seu consecuente efecto contaxio sobre os restantes bens de consumo e servizos.

Segundo fontes do MITECO, o prezo medio da electricidade desde a aplicación deste mecanismo o 15 de xuño de 2022, ata o 29 de marzo de 2023, situouse en España en 120,92€/MWh, prezo moi inferior ao doutros países eu-

ropeos como Francia (262,63€), Italia (294,69€) e Alemaña (231,74€). Adoptáronse medidas extraordinarias e temporais, nun momento de crise enerxética, provocada principalmente pola invasión de Rusia a Ucraína.

Con todo, ante a continuidade da crise, UGT considera oportuno prorrogar as medidas que se adoptaron, e que demostraron a súa eficacia, como o fai o RDL 3/2023 que amplía sete meses (ata o 31 de decembro de 2023) o mecanismo ibérico, polo que se fixa un tope ao prezo do gas que se utiliza para xerar electricidade. Aínda que non elimina por completo o efecto contaxio do prezo do gas natural sobre o prezo da electricidade, ofrece certa protección naqueles escenarios nos que o prezo do gas natural se incrementa por encima do referido limiar, o que supón un seguro contra a incerteza e os potenciais prezos excesivos que podería rexistrar o mercado eléctrico.



Desde a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores considérase importante reformar o sistema de fixación do prezo da electricidade no mercado europeo, aprobar un novo Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor (PVPC), e introducir modificacións no bono social eléctrico e térmico que permite injustamente que as familias numerosas considérense vulnerables e beneficiense automaticamente do desconto en parte da súa factura eléctrica do 65% e gocen do bono térmico, sen ter en conta o seu nivel de renda.

O PP TEN QUE DICIR Á CIDADANÍA CAL É O SEU MODELO DE PENSÍONS

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, reclama a CEOE, durante a súa intervención no III Foro Económico O Español Invertia 'Wake UP Spain', 'que nos digan xa se queren pechar ou non un Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC)'.
'Negociamos 17 acordos sociais nos últimos anos, con 3 ao 4 de gran envergadura, como a reforma laboral, a primeira parte da reforma das pensións ou a Lei Rider', afirmou. 'A patronal mostrou talante e desexo de acordar, pero para subir os salarios non'.

Neste sentido, sinalou que 'aínda

queda un acordo importante, o do novo AENC, que ata hoxe constitúe un fracaso considerable. Levamos máis dun ano para impulsalo, pero non hai maneira de poder avanzar. O AENC é altamente positivo para a estabilidade económica e do emprego no noso país. Pero somos incapaces de chegar a un acordo para subir os salarios. Somos un dos países da Unión Europea cos salarios medios máis baixos e nunha situación prolongada con prezos altos, os soldos teñen que subir'.

Por iso, reclamou a CEOE que 'nos diga se quere un acordo ou non o quere. Queremos unha CEOE activa. Hai moi

tas persoas que o están pasando mal e hai que aumentar a riqueza vía negociación colectiva e vía impostos. Se a patronal non quere un acordo, iremos negociando convenio a convenio e sector a sector. Se quere o acordo, non podemos esperar máis. Sería bo e importante que na mesa de negociación intercambiamos propostas máis aló da negativa'.

Así mesmo, tras a súa intervención este Foro, Pepe Álvarez, en resposta a unha pregunta sobre o rexeitamento do PP ao acordo de pensións, dixo que 'o PP ten que dicir á cidadanía cal é o seu modelo de pensións'.

HAI QUE POÑERLLE ROSTRO Á SINISTRALIDADE LABORAL

Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, expuxo as propostas de UGT para acabar coa sinistralidade laboral en España, durante a súa comparecencia na Comisión de Traballo, Inclusión, Seguridade Social e Migracións do Senado e pediu visibilizar esta lacra, un auténtico drama para miles de persoas traballadoras e as súas familias.

Ana García de la Torre manifestou durante a súa intervención que o problema da sinistralidade laboral denunciado, ano tras ano por UGT, non é novo, pero normalizouse e é invisible para a nosa sociedade, pese ao drama que representa para miles de persoas traballadoras e as súas familias. Así, desde que se teñen rexistros, en 1988, producíronse case 26 millóns de accidentes con baixa e morreron 41.500 persoas. Unha realidade que non cesa, porque os datos correspondentes a 2022, indican que faleceron 826 persoas, un 17,2% respecto a 2021, 121 mortes máis. Cifras escandalosas e inasumibles que demostran que a seguridade e saúde no traballo non é unha cuestión de primeira orde, nin para as administracións, nin para as empresas.

Por iso, tras analizar con detalle as cifras, Ana García de la Torre, reiterou a necesidade urxente de que se abra a mesa de Diálogo Social sobre esta materia, un compromiso anunciado polo Ministerio de Traballo e Economía Social na firma da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo 2023-2027. É preciso articular un Plan do choque que inclúa medidas para reducir a incidencia de riscos psicosociais porque a primeira causa de morte no traballo seguen sendo os infartos e derrames cerebrais, patoloxías asociadas a este tipo

de riscos.

Lembrou que UGT leva tempo reclamando que se cre, a nivel estatal, a figura do Delegado ou Delegada de Prevención de Riscos Laborais, figura similar á que existe nalgunhas Comunidades Autónomas, para mellorar a implantación da Lei de Prevención de Riscos Laborais (LPRL) nas pemes, onde non hai representación sindical (e é que un 45% dos accidentes de traballo con baixa ocorridos en xornada laboral rexistráronse en empresas de menos de 50 traballadores, segundo datos definitivos de 2021).

Pediu tamén dotar de máis recursos á Inspección de Traballo e Seguridade Social e á Fiscalía de Sinistralidade Laboral. Neste sentido, dixo que 'se debe incrementar a actuación naqueles casos nos que aínda non resultando de lesións ou morte pónase en risco a seguridade e a saúde das persoas traballadoras; e acurtar os tempos ata que os Xulgados do penal ditan sentenza nos xuízos por accidentes de traballo, porque en 2021, as vítimas de accidentes de traballo tardaron cinco anos de media para percibir a súa compensación por parte da Xustiza'.

García de la Torre destacou tamén que hai que actualizar a LPRL para adaptala ás novas realidades do mundo do traballo; establecer políticas públicas para reducir e erradicar a precariedade laboral, 'trátase de lograr postos de traballo decentes e libres de riscos'; impulsar unha xornada laboral de 32 horas semanais; maior investimento das Administracións Públicas



naqueles organismos implicados na prevención de riscos laborais e maior investimento por parte das empresas.

Outras propostas son: elaborar unha normativa diferenciada sobre xestión de riscos psicosociais na empresa; actualizar a listaxe de enfermidades profesionais; aflojar o cancro de orixe laboral; evitar a externalización masiva da xestión preventiva das empresas; dotar de perspectiva de xénero á prevención de riscos laborais; e unha maior coordinación entre as Administracións Públicas, co obxectivo de fortalecer o Sistema Nacional de Seguridade e Saúde para afrontar con éxito futuras crises.

Por último, destacou que 'hai que poñer rostro á sinistralidade laboral' e, neste sentido, quixo lembrar dous casos: a morte, hai dous anos, dun traballador de 19 anos que traballaba nunha empresa de fabricación de impermeabilizantes e láminas de caucho, empresa que non cumpría ningunha das normas de prevención; e a dun traballador que era barrendero e que morreu en xullo do ano pasado, ao comezo da súa xornada laboral, na quenda de tarde, ao sufrir un golpe de calor.